



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LAXE

Aprobación inicial do establecemento do Servizo público municipal do PAI e do Regulamento do seu funcionamento

ANUNCIO

O Pleno da corporación en sesión extraordinaria realizada o 15 de xullo de 2026 acordou aprobar inicialmente o establecemento do servizo público municipal do Punto de Atención á Infancia de Laxe (PAI), o Regulamento de funcionamento do servizo do Punto de Atención á Infancia de Laxe e a Ordenanza núm. 40 reguladora do prezo público para a prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia de Laxe, o que se somete a información pública polo prazo de 30 días hábiles, contados dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan examinar e presentar as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no citado prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

O texto integro do mencionado Regulamento e Ordenanza pode consultarse na sede electrónica do Concello de Laxe: <https://sede.laxe.es/sxc/es/index.html>

Laxe, 16 de xullo de 2026

O alcalde, Francisco Charlín Oróns

2026/4789